

Seguir a loiscaydedans

O fío entre as palabras. Cervatos, de Lucía Novas



Posted by: loiscayde on 26 Diciembre 2017


¡No te pierdas ni una publicación!!



loiscaydedans
Sécolas e andrómenas

Seguir

Seguir a loiscaydedans



Entre as recomendacións máis frecuentes que os servizos de meteoroloxía fan aos condutores en días de tormenta está a de procurar ocos no medio da brétema. salvadoras, espazos aniñados entre o

¡No te pierdas ni una publicación!!



loiscaydedans
Sécolas e andrómenas

Seguir

da inclemencia do aire e a choiva. A busca da fío das palabras, o aire entre significados, o valor do lugar reflexivo no río condutor, son os pulos deste Cervatos que explora a existencia da verba entre a coma e o oco en branco do papel.

Gustoume encadear as palabras na miña mente. No cosmos da velocidade múltiples significados permean de seu, múltiples luces e brillos secuenciais predestinados a formar parte da inxente materia producida polo ser humano. É o espírito dos frames do videoclip, da escea do filme e as verbas con notas das canción dun mp3, dun teléfono móbil. A cadea humana onde a cosificación chega ata os interrogantes dos verbos ser e sentir. Escoitamos o mastigar de todos os sons de todas as computadoras, os ruxe ruxe dos paseos collidos pola man da nai na bisbarra. E como medir ese ritmo, como apreixar o gume dos beizos da máquina? Son as pulsións contemporáneas que nos fan ser nós nos ocos da vida, eses momentos nos que devezamos por deixar de pensar na velocidade da agulla e pensar na infancia do VHS, nas bicicletas, no kirsch das palabras novas, no alimento procesado que inxerimos. A detención do devalar no intre da poesía. E todo na palabra de Cervatos é natural. Lucía Novas inxire e expira secuencias de imaxes que nos retrotraen á existencia que colle ferruxe, á película reproducida nos frames das vivencias compartidas, á música que responde cantando ás nosas dúbidas de herba amarela na praia.

Os expatriados do noso pola cidade e confundidos pola grandeza dunha terra que se esconde sentímonos identificados con este bulir de sensacións e palpitacións do efémero, do rápido, da volatibilidade do tempo que se pregunta o *cando e que cando* estes xa pasaron ou o lembramos coma unha luzada invernal con rastro de sensacións, teas, tactos e olores.

“Asentos vermellos. Luces de neón. Palmeiras. Flamingos. Las Vegas. No deserto. Na soidade. Na decadencia. Restaurant. Crocodilos. Bazar.”

“All tomorrow’s parties, naquela época”



¡No te pierdas ni una publicación!!



loisalcaydedans
Sécolas e andrómenas

Seguir